



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 05 de abril de 2023

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día cinco de abril de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, a interventora adxunta, Sra. Gómez Corbal, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(226).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbanse as actas das sesións extraordinaria e urxente do 27 de marzo e ordinaria do 31 de marzo de 2023.
Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(227).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE ACTUALIZACIÓN, SOPORTE E MANTEMENTO DO XESTOR DOCUMENTAL ALFRESCO 2020-2025. EXPTE. 10072/113.

Visto o informe xurídico do 22/03/2023 e o informe de fiscalización do 30/03/2023, dáse conta do informe-proposta de data 21/02/2023, asinado polo xefe do servizo de Administración Electrónica, a concelleira delegada da Área de Seguridade,

Contratación e Xestión Municipal e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- RD Lex. 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Antecedentes

O Contrato de actualización, soporte e mantemento do xestor documental ALFRESCO 2020-2025 (expte. 9075-113), adxudicouse por Acordo da Xunta de Goberno Local de 11 de xuño de 2020, á empresa QUERES TECNOLOGÍAS, S.L. por un prezo de 54.917,23 euros IVE incluído.

O contrato formalizouse en data 07/07/2020, entrou en vigor o 08/07/2020 e rematou o 07/07/2022.

Con data de entrada 30 de setembro de 2021 no Rexistro electrónico do Concello de Vigo (documento nº 210198197) a empresa QUERES TECNOLOGÍAS, S.L. comunica que con data 24 de setembro de 2021 quedan inscritas no Rexistro Mercantil as escrituras de fusión entre IZERTIS, S.A. con CIF A33845009 (empresa absorbente) e a entidade QUERES TECNOLOGÍAS, S.L. con CIF B70007869 (empresa absorbida). Achega escritura de fusión por absorción outorgada ante o notario de Gijón, don Carlos León Matorras o 28 de xullo de 2021 co número 1059 do seu protocolo.

A Xunta de Goberno Local, na sesión de 16 de decembro de 2021, acordou dar conta da fusión e da subrogación en todos os dereitos e obrigas resultantes do contrato dos servizos de actualización, soporte e mantemento do servidor documental ALFRESCO (2020-2025).

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 05/05/2022, autorízase a primeira prórroga do contrato a favor da empresa IZERTIS, S.A. polo período dun ano, do 08/07/2022 ao 07/07/2023, por importe de 27.458,61 euros (sendo o importe correspondente ao IVE de 4.765,54 euros).

Consta no expediente resolución da Concelleira-delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, de data 16 de febreiro, dispoñendo se proceda a instruír a segunda prórroga do contrato por ser necesario continuar ca prestación do servizo da empresa contratada.



Concello de Vigo

Fundamentos

1. O artigo 29 da LCSP dispón, no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, e que a prórroga será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos dous meses antes do prazo de duración do contrato, salvo que no prego do contrato se estableza un maior.

No apartado 4 do mesmo artigo, establécese que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de 5 anos, incluíndo as prórrogas, salvo que se trate dalgunha das excepcións recollidas nese apartado.

2. Neste contrato resulta que:

- Na cláusula 7 “Prazo”, do PCAP, figura que *“Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses”*.
- No apartado 4.C das FEC indícase: *“Prórroga do contrato e en caso afirmativo, duración: 3, dun ano de duración cada unha”*.
- Prorrógase segundo os conceptos e importes dos exercicios 2020 a 2023.
- No apartado 11 das FEC, sobre o réxime de pagamento, indícase que *“o pagamento farase efectivo con periodicidade anual tras a activación das licenzas contratadas”*.

3. Prezo da prórroga:

O prezo total da prórroga ascende a 27.458,61 €, dos cales 4.765,54 € corresponden ao IVE.

4. Financiamento:

A prórroga financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e exercicios:

Exercicio	Concepto	Aplicación orzamentaria	Importe
2023	Mantemento software	9207.2279902	27.458,61 €

5. A empresa *IZERTIS, S.A.*, no transcurso do período contractual desenvolveu os traballos de acordo cos criterios marcados no prego de condicións técnicas e tamén coa súa oferta polo que se considera que o servizo se prestou de xeito satisfactorio.

Precísase tramitar esta prórroga debido á necesidade de continuar co servizo de actualización, soporte e mantemento do xestor documental ALFRESCO do Concello de Vigo.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, posto que é continuación dun servizo que se ven desenvolvendo con anterioridade e polo tanto encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3: "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos."

6. Consta no expediente notificación número 10030/2023 recibida pola empresa con datas 17 e 20 de febreiro de 2023 que contén o preaviso de execución da prórroga que se comunica coa antelación mínima esixida, conlevando que dita prórroga sexa obrigatoria para o contratista.
7. O expediente de prórroga do contrato iniciárase polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020 polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución da concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, de data 3 de xaneiro de 2023, autorizando o inicio de este expediente da primeira prórroga do contrato.
8. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
9. A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades da concelleira-delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal mailo concelleiro-delegado da Área de Facenda e Orzamentos, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:



Concello de Vigo

- 1.- Acordar a SEGUNDA PRÓRROGA DO SERVIZO DE ACTUALIZACIÓN, SOPORTE E MANTEMENTO DO XESTOR DOCUMENTAL ALFRESCO 2020-2025 (EXPTE 9075-113) polo período dun ano, do 8 de xullo de 2023 ao 7 de xullo de 2024, polo importe total de 27.458,61 € IVE engadido.
- 2.- Autorizar o gasto de **27.458,61 euros** (IVE incluído) que representa a prórroga, con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e exercicios:

<i>Partida</i>	<i>Exercicio</i>	<i>IVE</i>	<i>Base</i>	<i>Importe total</i>
9207.2279902 Mantemento software	2023	4.765,54	22.693,07	27.458,61 €
Total exercicio 2023				27.458,61 €

- 3.- Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra el caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(228).- RESOLUCIÓN DE RECURSOS POTESTATIVOS DE REPOSICIÓN (ACORDO XGL 09.12.2022: «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES PARA LIBROS E COMEDOR 2022-2023»). EXPTE. 234480/301.

Visto o informe de fiscalización do 23/03/2023, dáse conta do informe-proposta de data 16/03/2023, asinado pola xefa do servizo de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á xefatura de Benestar Social, o xefe de Área de Benestar Social e a concelleira delegada de Política de Benestar Social, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 12.05.2022, acordou aprobar as «BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2022-2023», elaboradas polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo (Exp. nº 234480/301).

I.2. O Programa de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor do Concello de Vigo desenvólvese desde hai máis de trinta anos, observándose un incremento tanto na demanda como no orzamento destinado. Está dirixido ós/ás alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos e privados concertados do termo municipal de Vigo, empadroados/as e pertencentes a unidades familiares carentes de recursos económicos suficientes.

I.3. Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2022 consignárase, na aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 (–“*Becas libros, comedor*”), un crédito por importe de 1.280.000€ destinado, especificamente, a cubrir este tipo de necesidades.

I.4. As Bases deste Programa foron publicadas no BOP de Pontevedra nº 97, do 23.05.2022 e o extracto da convocatoria no BOP nº 131 do 11.07.2022. Posteriormente, mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 26.07.2022, aprobouse a ampliación do prazo de presentación de solicitudes ata o 25 de agosto (BOP nº 144 do 29.07.2022).

I.5. Durante o prazo de presentación de solicitudes presentáronse un total de 7.158, que foron tramitadas polo órgano instructor (Departamento de Benestar social), quen comprobou o cumprimento dos requisitos esixibles e a achega da documentación acreditativa, realizando os requirimentos de documentación preceptivos. A seguir, procedeu á súa avaliación individualizada de acordo cos criterios contidos nas Bases.

I.6. Rematada a instrución do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas e as denegadas de libros e comedor, indicando neste último suposto a causa da denegación (Acta do 29.11.2022).

I.7. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG...) e na Base 12 deste Programa de axudas, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 09.12.2022 acordou, por proposta do instructor do expediente e previo informe da Comisión de valoración, resolver esta convocatoria nos seguintes termos:

«PRIMEIRO: Autorizar o incremento do gasto en 24.822,40€ (2022) con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 ou bolsa de vinculación e aprobar tamén a ampliación en 114.580,00€ do RCFUT 202200043345 (572.500,00€) para facer fronte ó gasto representado polas axudas de comedor en 2023 (xaneiro-xuño 2023), que ascende a 687.080,00€.

SEGUNDO: Axudas municipais de libros e material escolar, Curso 2022-2023:

2.1. CONCEDER as axudas de libros e material escolar ás/ós 1.430 alumnas/os que reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiarias/os, existindo crédito orzamentario para a súa concesión.



Concello de Vigo

O gasto de 143.000,00€ financiarase con cargo á aplicación nº 2310.481.00.00 – RC 202200043342 (135.000,00€), RC 202200128018 (6.414,60€) e RC 202200010173 (1.585,40€) e pagarase mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Servizo de Benestar Social (ES 90 2080 5000 67 3110242616).

Relaciónanse as persoas beneficiarias no Anexo I, que comeza co expediente nº 245253/301 e remata co nº 242279/301.

2.2. DENEGAR as solicitudes de axudas de libros e material escolar ás/ós 950 alumnas/os por incumprimento dalgún dos requisitos estipulados na Base 6ª da convocatoria.

Relaciónanse tamén no Anexo I, que comeza co expediente nº 245514/301 e remata co nº 244884/301, sinalando en cada caso o motivo da súa denegación.

TERCEIRO: Axudas municipais escolares de comedor, Curso 2022-2023:

3.1. CONCEDER axudas municipais de comedor a 3.560 alumnas/os que reúnen os requisitos esixidos e que se pagarán, no ano 2022, con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 - RC 202200043343 (572.500,00€), RC 202200010173 (89.757,60€) e 24.822,40€ á bolsa de vinculación.

O gasto de 687.080,00€ para axudas de comedor en 2023 (xaneiro-xuño 2023) financiarase con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00, existindo contraído un RCFUT 202200043345 (572.500,00€) que se propón ampliar en 114.580€.

Relaciónanse as persoas beneficiarias no Anexo II (comedor), que comeza co expediente nº 239993/301 e remata co nº 242279/301.

3.2 DENEGAR as axudas municipais de comedor ás/ós 1.218 alumnas/os que figuran no Anexo II, que comeza co expediente nº 242765/301 e remata co nº 238654/301, por non cumprir algún dos requisitos establecidos nas bases, indicándose en cada caso o motivo concreto da súa denegación.

CUARTO: Para o caso de que durante o Curso escolar 2022-2023 se producise unha situación semellante á padecida no Curso 2019-2020 por causa da pandemia da COVID-19, que imposibilitase o normal funcionamento dos comedores escolares, procederíase ó pagamento das axudas de comedor directamente ás familias en situación de vulnerabilidade e con cargo á mesma aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 (-“Becas, libros, comedor”).

QUINTO: Publicar a resolución desta convocatoria de axudas (Anexo III) no taboleiro oficial de anuncios e editos do Concello, nos Centros de Servizos Sociais Municipais, na web municipal e no “Portal da Transparencia e bo goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa sobre estas axudas á Axencia Estatal de Administración Tributaria mediante a presentación do MODELO 190 (declaración resume anual de retencións), identificándoas coa clave “L” e a subclave 22.

SEXTO: Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous pra-

zos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dital e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

I.8. Contra ese acordo da Xunta de Goberno local algunhas das persoas interesadas presentaron no Rexistro xeral municipal recursos potestativos de reposición, co contido que será obxecto de análise neste informe.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RDlex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. En aplicación dos principios antiformalista e *pro actione* que rexen o procedemento administrativo e de acordo co disposto no Art. 115.2 da LPACAP, resulta indiferente para a tramitación e resolución do recurso a cualificación concreta que a persoa recorrente lle asigne ó escrito de impugnación (*reclamación, revisión...*), sempre que do seu contido poida inferirse o verdadeiro carácter de recurso administrativo.

III.2. Así as cousas, os recursos potestativos de reposición presentados diríxense contra o precitado acordo da Xunta de Goberno Local do 09.12.2022, desestimatorio das súas solicitudes de concesión de axudas con cargo ás bases e convocatoria aprobadas.

III.3. Os escritos de recurso cumpren cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interpóñense en prazo e forma polas persoas interesadas e diríxense fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 112, 123 e ccdtes. LPACAP), solicitando a estimación do re-



Concello de Vigo

curso e, en consecuencia, que se deixe sen efecto a resolución impugnada e se estime a concesión da subvención directa solicitada na instancia.

III.4. De acordo co disposto no Art. 124.2 da LPACAP, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producise a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 24.1 LPACAP) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de dictar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 21.1 LPACAP).

III.5. Examinado o seu contido pola Comisión de Valoración (Acta do 16.03.2023), esta propón:

- Desestimar expresamente os recursos que se relacionan no ANEXO I, que comeza pola persoa con DNI/NIE/Pas. nº 44481576-J (nº 1) e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pas. nº X5097385X (nº 20), toda vez que o acordo da XGL impugnado resulta axustado ás Bases do Programa de axudas e as respectivas solicitudes foron correctamente desestimadas por incumprimento dalgún dos requisitos establecidos.
- Estimar os relacionados no ANEXO II, que comeza pola persoa con DNI/NIE/Pas. nº 53194356-W (nº 1) e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pas. nº 36135255-R (nº 22), polas razóns que en cada caso se indican.

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os Arts. 112-119 e 123-124 da LPACAP e a proposta efectuada pola Comisión de Valoración, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Desestimar os recursos potestativos de reposición presentados contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 09.12.2022 polo que se denegaron as solicitudes de concesión de axudas ó abeiro das «BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2022-2023» que figuran no Anexo I, por incumprir algún dos requisitos reseñados na Base Sexta.

O Anexo I comeza pola persoa con DNI/NIE/Pas. nº 44481576-J (nº 1) e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pas. nº X5097385X (nº 20).

ANEXO I – RECURSOS DESESTIMADOS

Nº	DNI/NIE/PAS. Nº	DOC. Nº	N.º EXPEDIENTE	MOTIVO DESESTIMACIÓN
1	44481576J	220192908	239377/301	g)
2	Y8314447F	220179153	238075/301	Incumpre Base 2ª e ccetes.

3	36143232C	220184914	239256/301	g)
4	53182085J	220181040	241688/301	g)
5	36157143Q	220181792	242057/301	g)
6	77004717G	220186029	242644/301	g)
7	53197572K	220188080	242788/301	g)
8	53199019L	220203837	245003/301	Incumpre Base 2ª e ccdtes.
9	36159337A	220174904	240264/301	Non solicitou libros
10	01851410W	220174677	240526/301	g)
11	76928112N	220181366	241857/301	g)
12	36135820Z	220193831	244780/301	g)
13	76995089J	220181182	241799/301	g)
14	77006488G	220184239	242433/301	g)
15	Y9059078J	220204956	240203/301	Incumpre Base 6ª.b)
16	44482390E	220173670	237763/301	g)
17	36136190Q	220197280	239375/301	g)
18	39453745M	220201690	239794/301	g)
19	36131577A	220201630	239787/301	g)
20	X5097385X	220177471	245495/301	Incumpre Base 6ª.a)

Requisito incumprido:

Base 2ª e ccdtes.: As axudas para a adquisición de libros e material escolar son unicamente para o alumnado de Educación Infantil (2ª etapa): 3-5 anos.

Base 6ª:

(a) Que a unidade familiar de convivencia estea empadroada no Concello de Vigo.

(b) Convivir cós/cás alumnos/as para os que se solicitan as axudas.

(g) Que a capacidade económica da unidade familiar de convivencia non exceda do 75% do IPREM, que equivale ó 100% do subsidio básico da RISGA (5.211,24€). No caso de non existir datos dos ingresos da unidade familiar, computarase como mínimo familiar o equivalente ó subsidio básico da RISGA (5.211,24€).

SEGUNDO: Estimar os recursos que figuran no Anexo II, que comeza pola persoa con DNI/NIE/Pas. nº 53194356-W (nº 1) e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pas. nº 36135255-R (nº 22), polas razóns que en cada caso se indican. O gasto que comportaría a estimación dos recursos referidos ás axudas de comedor finánciase con cargo ás baixas producidas neste Programa, polo que non supón incremento do mesmo. O gasto correspondente ás axudas de libros e material escolar (1.300€) financiarase con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 (–“Becas libros, comedor”).

ANEXO II – RECURSOS ESTIMADOS

Nº	DNI/NIE/PAS. Nº	DOC. Nº	DATA	MOTIVO	LIBROS: IMPORTE	COMEDOR: IMPORTE/MES
1	53194356W	220174008	28/12/22	1	100,00 €	41,00 €
2	76997861W	220175959	13/02/23	1	100,00 €	0,00 €



Concello de Vigo

3	36156233A	220294777	16/02/23	1	0,00 €	41,00 €
4	X7715595S	220177745	12/01/23	1	100,00 €	0,00 €
5	55168688Z	220184838	06/02/23	1	100,00 €	41,00 €
6	X5902349C	220177406	11/01/23	1	100,00 €	0,00 €
7	33539039W	220189451	11/01/23	1	100,00 €	0,00 €
8	120615543	220180169	26/12/22	1	100,00 €	41,00 €
9	53175882C	220183238	30/12/22	1	100,00 €	0,00 €
10	Y0272684X	220187404	22/12/22	1	100,00 €	0,00 €
11	Y4146096S	220191218	09/01/23	1	100,00 €	0,00 €
12	34882596Z	220194750	11/01/23	1	100,00 €	0,00 €
13	36135838D	220197170	11/01/23	1	0,00 €	41,00 €
14	39733744W	220201581	09/01/23	1	0,00 €	41,00 €
15	70873827V	220206520	19/12/22	1	100,00 €	41,00 €
16	39452872Y	220207506	31/01/23	1	100,00 €	41,00 €
17	35585260M	220175979	21/12/22	1	0,00 €	41,00 €
18	Y7273187A	220183414	16/12/22	1	0,00 €	41,00 €
19	53175424E	220191905	16/12/22	1	0,00 €	41,00 €
20	36028936B	220178452	23/12/22	1	0,00 €	41,00 €
21	46840318J	220175055	27/01/23	1	0,00 €	82,00 €
22	36135255R	220178350	13/12/22	1		82,00 €
TOTAL					1.300€	656€

Códigos:

(1) Corrección de erro material.

TERCEIRO: Publicar este acordo no taboleiro oficial de anuncios e editos do Concello, nos Centros de Servizos Sociais Municipais, na web municipal e no “Portal da Transparencia e bo goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa sobre estas axudas á Axencia Estatal de Administración Tributaria.

CUARTO: Notificar ás persoas recorrentes, con indicación de que contra a resolución dos recursos de reposición non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 125.1 da LPACAP, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación deste acordo».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local resolverá o que estime máis oportuno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(229).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “MELLORA DO CONTORNO DO CALEXÓN BALADO”. EXPTE. 1368/441.

Visto o informe de fiscalización do 31/03/2023 dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 31/03/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Mellora do contorno do calexón Balado” (1368-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Mellora do contorno do calexón Balado” (1368-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 18 de novembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “MELLORA DO ENTORNO DO CALEXÓN BALADO”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Ignacio Teijeiro Calvo e polo Arquitecto D. Diego Rivas Pérez.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación con data 10 de outubro de 2022.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de TRESCENTOS SEIS MIL DOUSCENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON CORENTA E UN CÉNTIMOS (306.292,41 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 53.158,19 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532 6190035 (HUMANIZACION CALEXÓN BALADO), segundo a seguinte distribución de anualidades:



Concello de Vigo

2022	196.430,50 €
2023	109.861,91 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 16 de marzo de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a COTOVERDE OBRAS E SERVIZOS S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial municipal, o xefe do Servizo de vías e obras e Infraestruturas e o técnico Administración Xeral da Área de Fomento o 3 de marzo de 2023.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora do contorno do calexón Balado" (1.368-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	89,38
2	NAROM, S.L.	81,58
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	30,68

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. (B-36.494.185), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L., o día 20 de marzo de 2023, que presenta a documentación requirida o 23 de marzo de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 31 de marzo de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 8 de febreiro de 2023 e 17 de febreiro de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



Concello de Vigo

1. *“Tomar razón da exclusión adoptada pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 16 de marzo de 2023, de COTOVERDE OBRAS E SERVIZOS S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial municipal, o xefe do Servizo de vías e obras e Infraestruturas e o técnico Administración Xeral da Área de Fomento o 3 de marzo de 2023.*
2. *Adxudicar a ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. (B-36.494.185) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Mellora do contorno do calexón Balado” (1368-441) sendo o prezo total do contrato de 295.572,18 € euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 51.297,65 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(230).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS “TOMÁS ALONSO” E “BOUZAS”. EXPTE. 21847/332.

Visto o informe xurídico do 27/03/2023 e o informe de fiscalización do 30/03/2023, dáse conta do informe-proposta de data 13/03/2023, asinado pola xefa do servizo de Educación, o concelleiro delegado da Área de Educación e o concelleiro delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

1.- Aprobación expediente de contratación: A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 12 de xullo de 2018, aprobou o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria en dous lotes dos servizos para a xestión das Escolas Infantís Municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas (expediente 21847/332), así como, o Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de 02/04/2018 e o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 03/07/2018 que rexen a licitación, mailo gasto por importe de 2.099.244,72 euros, acordando a apertura do procedemento de licitación.

2.- Adxudicación dos lotes do contrato: En relación ao procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión das Escolas Infantís Municipais “Tomás Alonso” e Bouzas, a Xunta de Goberno Local en sesión do 11 de abril de 2019 acordou:

- adxudicar á CLECE S.A. (A-80.364.243) o lote 1 do procedemento para a xestión da EIM “Tomás Alonso” por un prezo total de 997.622,36 euros (exento de IVE) e coas

seguintes condicións: a) Comprométese a realizar 5 saídas e visitas didácticas anuais e b) Comprométese a realizar 10 actividades de escola de pais anuais.

- adxudicar á CLECE S.A. (A-80.364.243) o lote 2 do procedemento para a xestión da EIM "Bouzas" por un prezo total de 986.062,36 euros (exento de IVE) e coas seguintes condicións: a) Comprométese a realizar 5 saídas e visitas didácticas anuais e b) Comprométese a realizar 10 actividades de escola de pais anuais.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 12/07/2018 e as ofertas presentadas.

3.- Prazos: O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) referise aos prazos de execución do contrato na cláusula 26:

"1.- O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido."

O apartado 4 das Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP establece respecto ao prazo de execución :

"A) PRAZO TOTAL: 4 anos.

B) PRAZOS PARCIAIS: non se fixan.

C) PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: sí, unha prórroga dun ano de duración"

4.- Formalización do contrato: Os contratos para ambos os dous lotes foron formalizados en data 31 de maio de 2019 entre o Concello de Vigo e a entidade adxudicataria (CLECE S.A.), establecéndose na cláusula 4ª dos mesmos que *"O prazo do contrato é de catro anos, sendo a data de inicio o 1 de xuño de 2019. Se contempla unha prórroga de un ano."* En consecuencia, a data de finalización prevista para os dous lotes deste contrato é o 31 de maio de 2023.

5.- Sucesión por transmisión do adxudicatario. A Xunta de Goberno Local na sesión do 8 de outubro de 2020 acordou *"Tomar razón da sucesión por transmisión de rama de actividade de CLECE, S.A. a favor KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, S.A., responsabilizándose solidariamente da execución do contrato de xestión das escolas infantís municipais de Tomás Alonso e Bouzas (lotes 1 e 2 expediente 21847/332), adxudicado por acordo da Xunta de Goberno local do 11 de abril 2019"*.

6.- Preaviso da prórroga: En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) aprobado para esta contratación establece que *"este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses."*

En data 09 de marzo de 2023, a adxudicataria recibe a notificación do preaviso mencionado no parágrafo anterior, no que se indica a intención do Concello de Vigo de acordar a prórroga



Concello de Vigo

de un ano para os dous lotes do contrato dos servizos para a xestión das Escolas Infantís Municipais "Tomás Alonso" e "Bouzas", conforme ao estipulado nos mesmos.

7.- Prestación do servizo: A prestación dos servizos para a xestión das Escolas Infantís Municipais "Tomás Alonso" e "Bouzas" por parte da empresa actualmente adxudicataria de ambos os dous lotes (Koala Soluciones Educativas SA) estase a realizar a plena satisfacción deste Servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como nas correspondentes ofertas. Polo tanto, dende o Servizo de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade do servizo mediante a materialización da prórroga de un ano contemplada no correspondente PCAP para o período comprendido entre o 01/06/2023 e o 31/05/2024.

8.- Orzamento: Os prezos totais do contrato para catro anos quedaron aprobados polos seguintes importes:

- Para o lote 1 (EIM Tomás Alonso) por un importe de 997.622,36 euros euros, sendo o prezo por anualidade de 249.405,59 euros.
- Para o lote 2 (EIM Bouzas) por un importe de 986.062,36 euros euros, sendo o prezo por anualidade de 246.515,59 euros.

No apartado 3K das Follas de características do contrato do PCAP aprobado para esta contratación indícase que non procede a revisión de prezos.

Polo tanto, o prezo para a prórroga por un ano do lote 1 deste contrato quedaría fixado en 249.405,59 euros, exenta de IVE, que se dividiría en dúas anualidades: 136.039,44 euros con cargo ao exercicio orzamentario 2023 (de xuño a decembro) e 113.366,15 euros con cargo ao exercicio 2024 (de xaneiro a maio) e podería imputarse á aplicación orzamentaria 3260.227.9912 (EIM Tomás Alonso) dos exercicios 2023 e 2024, conforme á anterior división.

Por outra banda, o prezo para a prórroga por un ano do lote 2 deste contrato quedaría fixado en 246.515,59 euros, exenta de IVE, que se dividiría en dúas anualidades: 134.463,06 euros con cargo ao exercicio orzamentario 2023 (de xuño a decembro) e 112.052,53 euros con cargo ao exercicio 2024 (de xaneiro a maio) e podería imputarse á aplicación orzamentaria 3260.227.9913 (EIM Casiano Martínez) dos exercicios 2023 e 2024, conforme á anterior división.

En relación aos créditos para o exercicio 2023, faise constar que xa existen as operacións contables de retención de crédito RC 20230003943, por importe de 136.039,44 euros, e RC 20230003944, por importe de 134.463,06 euros, para a tramitación da prórroga dos dous lotes do contrato.

9.- Competencia: A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017.

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previos informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Autorizar a prórroga dos lotes 1 e 2 do contrato de servizos para a xestión das Escolas Infantís Municipais “Tomás Alonso” e “Bouzas” (expte. 21847/332) para o período comprendido entre o 01/06/2023 e o 31/05/2024, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer un importe de 249.405,59 euros correspondente á prórroga do lote 1 do contrato, a favor da Koala Soluciones Educativas SA, CIF A-87.045.423. Este gasto imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.9912 (EIM Tomás Alonso), e a súa distribución anual será a seguinte:

- Con cargo ao exercicio orzamentario 2023 (de 01/06 a 31/12/2023): 136.039,44 euros.
- Con cargo ao exercicio orzamentario 2024 (de 01/01 a 31/05/2024): 113.366,15 euros.

3º.- Autorizar e comprometer un importe de 246.515,59 euros correspondente á prórroga do lote 2 do contrato, a favor da Koala Soluciones Educativas SA, CIF A-87.045.423. Este gasto imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.9913 (EIM Casiano Martínez), e a súa distribución anual será a seguinte:

- Con cargo ao exercicio orzamentario 2023 (de 01/06 a 31/12/2023): 134.463,06 euros
- Con cargo ao exercicio orzamentario 2024 (de 01/01 a 31/05/2024): 112.052,53 euros

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(231).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “FUNDACIÓN CARLOS CASARES”, PARA A ORGANIZACIÓN DO SEU PROGRAMA DE ACTIVIDADES NA CIDADE DE VIGO NO ANO 2023. EXPTE. 4848/330.

Visto o informe xurídico do 10/03/2023 e o informe de fiscalización do 31/03/2023, dáse conta do informe-proposta de data 13/02/2023, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro delegado da Área de Cultura e o concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

INFORME-PROPOSTA.-

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 6 de febreiro do 2023, a “Fundación Carlos Casares” presenta escrito de solicitude de subvención para a organización do seu programa de actividades na cidade de Vigo no ano 2023; por este motivo, con data 7 de febreiro do 2023, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 6.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.07 do orzamento municipal vixente.



Concello de Vigo

ANTECEDENTES.-

A **FUNDACIÓN CARLOS CASARES** é unha entidade sen ánimo de lucro fundada o 15 de xullo de 2002 por iniciativa da familia e amigos do escritor e que xorde coa pretensión de constituír unha instancia para a reflexión sobre a sociedade e a cultura, na que vivimos, e co propósito de se manter sempre ao servizo de Galicia e dunha convivencia democrática baseada no pluralismo, o debate libre e o diálogo aberto co mundo.

A **FUNDACIÓN CARLOS CASARES** vai desenvolver unha serie de actividades con especial enfoque na figura do escritor, referencia indispensable da cultura e lingua galegas no último terzo do século XX, e co propósito de dar a coñecer ás novas xeracións a súa figura, dunha forma amena e didáctica, aproveitando a súa paixón polo coleccionismo, a literatura, a lingua, a fotografía e cine, as novas tecnoloxías, etc. Tamén, con especial referencia, á súa relación con Vigo dende os ámbitos docente ou de editor literario.

PROGRAMACIÓN:

1) V XORNADAS “VIDEOXOGO E LITERATURA. UNHA MIRADA TRANSVERSAL”

Data: Do 28 ao 30 de setembro de 2023 en horario de mañá e tarde.

Lugar: Museo MARCO de Vigo.

Descrición: Na procura dos novos límites “transmedia”, analizarase o sector relacionado coa industria creativa do videoxogo con diversos puntos de vista: guiión, música, ilustración, tradución, xestión empresarial, asociacionismo, educación, novos creadores, vínculos cos sectores literario, audiovisual...

Haberá, como o ano pasado, obradoiros e master class especializadas, así como o espazo chamado de acceso público “A desconferencia”, onde calquera persoa

interesada no tema poderá presentar o seu proxecto ou mostrar a súa opinión fundada mediante unha pequena charla ao redor de calquera faceta do sector.

A mirada transversal dos axentes implicados neste sector achegará aos asistentes, presenciais e virtuais, os puntos de contacto entre a literatura e o videoxogo en Galicia. Dentro da xornada presentarase un libro, xogo ou produto audiovisual de recente aparición ou en probas e, se fose posible, se preparará unha exposición encol da historia do videoxogo ou un taller sobre o mesmo tema.

2) APOIO A CENTROS DE ENSINO E OUTROS ESPAZOS DO CONCELLO DE VIGO

Datas: Durante o segundo semestre do ano (datas concretas por definir)

Lugar: Espazos concretos por definir.

Inauguración: Principio do curso escolar.

Descrición: A Fundación Carlos Casares oferta a distintas entidades (centros escolares, asociacións, entidades públicas, etc.) unha serie de servizos de apoio didáctico a partir dos recursos humanos dispoñibles na entidade. As peticións recibidas incide, sobre todo, no material documental e expositivo. Entre eles atópanse os seguintes:

-Exposición “Sorrisos por un mundo. O humor en Carlos Casares”. A exposición repasa o tratamento do humor perspectivas científicas (neuroloxía, fisioloxía...), históricas (a orixe do humor e o seu desenvolvemento nas distintas culturas), sociais (teorías, tipos de humor...)

e literarias (a historia do humor na literatura galega), así como un apartado especial para tratar o humor tanto na vida como na obra de Carlos Casares.

-Exposición “O Principiño ao redor do mundo” (mostra da colección de máis dun centenar de “Principiños” de Carlos Casares en máis de 60 linguas).

- Exposición “Carlos Casares e a fotografía” (colección de fotografías, cámaras e bibliografía sobre o tema).

- “As caras dos libros” (exposición sobre o a edición e deseño de cubertas a través da obra de Carlos Casares e da literatura infantil e xuvenil).



Concello de Vigo

- **Outras mostras menores (“Casares e o cine”, “Carlos Casares e as viaxes da fala”...).**
- **Outras actividades, como conferencias, faladoiros, paseo e ruta**

A memoria económica, presentada pola FUNDACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 10.200 € (dez mil douscentos euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 6.000 €
- Cotas dos Amigos da Fundación 2.200 €
- Deputación de Pontevedra 2.000 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud
- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente.
- Escrito de aceptación do texto do convenio presentado na sede electrónica do Concello o 10 de febreiro de 2023.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “Fundación Carlos Casares” para a organización do seu programa de actividades na cidade de Vigo no ano 2023, obxecto do presente convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á “Fundación Carlos Casares” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2023, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.



Concello de Vigo

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Fundación Carlos Casares” ten como obxecto financiar a organización do seu programa de actividades na cidade de Vigo no ano 2023, figurando na aplicación 3340.480.00.07 do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 6.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á “Fundación Carlos Casares” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 6.000 € (seis mil euros) á Fundación Carlos Casares, CIF: G-36907244 para a organización do seu programa de actividades na cidade de Vigo no ano 2023, e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.07 “Subvención Fundación Carlos Casares”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Fundación Carlos Casares que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do seu programa de actividades na cidade de Vigo no ano 2023.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(232).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA RÚA TALUDE”. EXPTE. 941/441.

Visto o informe xurídico do 15/03/2023 e o informe de fiscalización do 31/03/2023, dáse conta do informe-proposta de data 13/03/2023, asinado polo técnico de administración xeral, a xefa do servizo de Contratación e o concelleiro delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

Antecedentes.

1º.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 21 de maio de 2021, adoptou o seguinte acordo:

«Aprobar o Proxecto de obras de “HUMANIZACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA RÚA TALUDE”,



Concello de Vigo

redactado polo Enxeñeiro Industrial Daniel Prieto Renda, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS TRECE MIL SETECENTOS SETE EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (713.707,97 €), e con sinatura dixital de data 02.05.2021».

2º.- Con data 16 de xullo de 2021 a Xunta de Goberno Local acordou, entre outros, aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “HUMANIZACIÓN E MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA RÚA TALUDE” , redactado polo Enxeñeiro industrial D. Daniel Prieto Renda; e aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación con data 18 de xuño de 2021.

No devandito PCAP se establece entre outros, un prazo de execución das obras de 7 meses, e a posibilidade de modificación do contrato no apartado 6 das FEC.

3º.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 22 de setembro de 2021, entre outros, adoptou o seguinte acordo: *“Adxudicar á AVANT INTEGRAL S.L. (B-36.922.144) o procedemento aberto para a contratación das obras para a execución do proxecto de “HUMANIZACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA RUA TALUDE” (941-441) por un prezo total de 573.178,88 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 99.477,33 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada ”.

4º.- O Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 24 de setembro de 2021, (en virtude das delegacións do Decreto de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e acordos da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019 e de data 24 de xuño de 2021), acordou aprobar o nomeamento como titulares da Dirección Facultativa da obra do proxecto de “HUMANIZACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA RÚA TALUDE” á Enxeñeira Técnica de Obras Pública, Dna. MARIA FRANCISCA ARLANDIS MARRA e á Enxeñeira Técnica Industrial Dna. SUSANA GONZALEZ RAMÍREZ. (Tte. 6 do expediente da execución da obra 5212-443)

5º.- En data 28 de setembro de 2021 formalízase o contrato das obras de “Humanización e mellora da accesibilidade da Rúa Talude”, entre o Concello de Vigo e a empresa AVAN INTEGRAL S.L.

6º.- A acta de comprobación de replanteo negativa foi asinada en data 28 de outubro de 2021, debido á falta de cumprimentación de diversos trámites de carácter administrativo necesarios, sendo asinada finalmente a acta de comprobación de replanteo Positiva en data 16 de novembro de 2021, dando comezo as obras ao día seguinte. (Ttes. 16 e 106 do expediente da execución da obra 5212-443)

7º.- Por mor do Bando de Nadal da Alcaldía, procédese a suspensión temporal da execución das obras dende o 14 de decembro de 2021 ata o 11 de xaneiro de 2022, tal e como se recolle nas correspondentes actas de suspensión e reinicio das obras. (Ttes. 146 e 170 do expediente da execución da obra 5212-443)

8º.- O Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 2 de febreiro de 2022, (en virtude das delegacións do Decreto de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e acordos da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019 e de data 24 de xuño de 2021), acordou aprobar o cambio do nomeamento como titulares da Dirección Facultativa da obra de "HUMANIZACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA RÚA TALUDE" (941-441) da Enxeñeira Técnica Industrial Dna. SUSANA GONZALEZ RAMÍREZ" polo Enxeñeiro Industrial D. ÓSCAR PARGA RODRIGUEZ, quedando así conformado o nomeamento da Dirección Facultativa da Obra, á Enxeñeira Técnica de Obras Públicas Dna. MARIA FRANCISCA ARLANDIS MARRA e ao Enxeñeiro Industrial D. OSCAR PARGA RODRIGUEZ". (Tte. 177 do expediente da execución da obra 5212-443)

9º.- Con data 31 de marzo de 2022, debido principalmente ás irregularidades no sector do transporte e o colapso dun muro situado no límite do ámbito de obra, a dirección facultativa e a empresa adjudicataria asinan acta de suspensión da execución temporal das obras. (Tte. 217 do expediente da execución da obra 5212-443)

10º.- Con data 31 de marzo de 2022 a dirección facultativa da obra emite informe solicitando o inicio do expediente de modificación do proxecto de "HUMANIZACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA RÚA TALUDE" (941-441).



Concello de Vigo

Tendo en conta o anterior, o Tenente Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, previo informe proposta do servizo xestor, en data 1 de abril de 2022, resolveu autorizar o inicio do expediente de modificación do proxecto de obras de “HUMANIZACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA RÚA TALUDE” (941-441).

11º- En data 16 de xuño de 2022, a Dirección Facultativa da obra solicitou conformidade do órgano de contratación para a continuación provisional das obras referentes ao modificado nº1.

Tendo en conta o anterior, en data 7 de xullo de 2022, o Concelleiro da Área de Fomento e Servizos ditou resolución de continuidade provisional das obras do proxecto modificado n.º 1 “HUMANIZACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA RÚA TALUDE”, por importe de 55.621,28 euros (9,7% do prezo inicial do contrato), nos termos da proposta técnica da dirección facultativa de data 16 de xuño de 2022.

12º.- En data 7 de xullo de 2022, unha vez superada a causa da suspensión temporal, asinouse acta de reinicio da citada obra. (Tte. 223 do expediente da execución da obra 5212-443)

13º.- En data 18 de outubro de 2022, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, previo informe da dirección facultativa e informe proposta do servizo xestor, resolveu autorizar a ampliación do prazo de execución das obras do proxecto de “HUMANIZACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA RÚA TALUDE” Expte. 941/441, adxudicadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de setembro 2021, por un prazo adicional de 2 meses, motivada pola continuidade temporal das obras do proxecto modificado nº1. (Tte. 237 do expediente da execución da obra 5212-443).

14º.- En data 19 de decembro de 2022, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, previo informe da dirección facultativa e informe proposta do servizo xestor, resolveu autorizar a ampliación do prazo de execución das obras do proxecto de “HUMANIZACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA RÚA TALUDE” Expte. 941/441, adxudicadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de setembro 2021, por un prazo adicional de 2 meses, motivada polo atraso producido por avarías na

máquina de micropilotaxe e problemas na subministración dos ancoraxes. (Tte. 248 do expediente da execución da obra 5212-443).

15°.- En relación coa tramitación da modificación nº1 do contrato de “HUMANIZACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA RÚA TALUDE”, resultan os seguintes:

15.1. Polos directores das obras, Dna. María Francisca Arlandis Marra e D. Óscar Parga Rodríguez, presentase e asínase en datas 26 e 27 de decembro de 2022, proxecto modificado n.º 1 “HUMANIZACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA RÚA TALUDE.

15.2. En data 27 de decembro de 2022, realizase trámite de audiencia ao redactor do proxecto de obras, o cal manifesta en data 28 de decembro de 2022 a súa conformidade.

15.3. En data 27 de decembro de 2022, realizase trámite de audiencia ao contratista, en relación á modificación e os novos prezos propostos, manifestando na mesma data a súa conformidade.

16°.- En data 29 de decembro de 2022, a dirección Facultativa da obra emite informe técnico do proxecto modificado nº1 das obras, que aproba tecnicamente o proxecto modificado.

17°.- En data 6 de febreiro de 2022, a Dirección Facultativa da obra emite novo informe técnico de proxecto modificado nº1, que ten por obxecto corrixir erros aritméticos que xorden dos importes parciais sinalados na táboa resumen do orzamento e clarificar algúns textos, pero non presenta nin se modifica ningunha das partidas, importes totais, conceptos, unidades ou porcentaxes.; e no que se describen as modificacións propostas no proxecto modificado nº1

18°.- En data 8 de febreiro de 2023, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, previo informe da dirección facultativa e informe proposta do servizo xestor, resolveu autorizar a ampliación do prazo de execución das obras do proxecto de “HUMANIZACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA RÚA TALUDE” Expte. 941/441, adxudicadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de setembro 2021, por un prazo adicional de 45 días, motivada polo ó atraso producido nos traballos consecuencia da climatoloxía adversa e da demora na tramitación do expediente do proxecto de modificado. (Tte. 258 do expediente da execución da obra 5212-443).



Concello de Vigo

19º.- En data 10 de marzo de 2023, pola Dirección Facultativa da obra emítese novo informe técnico do proxecto modificado n.º 1 das obras, co seguinte contido:

“(…)

I.- OBXECTO DO PRESENTE INFORME

- 1. Con datas 29 de decembro de 2022 a Dirección Facultativa da obra emite informe técnico do proxecto modificado n.º 1 das obras, que aproba técnicaamente o proxecto modificado.*
- 2. Con data 06 de febreiro de 2023 a Dirección Facultativa da obra emite novo informe técnico de proxecto modificado n.º1, que ten por obxecto corrixir erros aritméticos que xorden dos importes parciais sinalados na táboa resumen do orzamento e clarificar algúns textos, pero non presenta nin se modifica ningunha das partidas, importes totais, conceptos, unidades ou porcentaxes.; e no que se describen as modificacións propostas no proxecto modificado n.º1.*
- 3. Con data 09 de marzo de 2023 por parte da Asesoría Xurídica devólvese expediente administrativo de referencia, indicando que resulta preciso unha xustificación técnica e encaixe no informe proposta máis precisa respecto dos requisitos legais que, en principio, semella que poderían concorrer da lectura conxunta do expediente á vista dos contidos do proxecto modificado e do xuízo técnico expresado polas persoas funcionarias municipais, para que o acordo municipal que, de ser o caso, se adopte conte cunha atinada e precisa motivación.*
- 4. Tendo en conta o anterior emítese o presente informe que ten por obxecto unicamente incorporar as indicacións ao respecto, ampliando a motivación e xustificación das actuacións incluídas no proxecto modificado n.º1, pero non presenta nin se modifica ningunha das partidas, importes, conceptos, unidades, porcentaxes nin consideracións do informe anterior de data 28 de decembro de 2022. Preséntase co mesmo formato que o informe citado, non sendo o presente informe complementario ao anterior, senón que se inclúe no presente o alcance completo do informe da DF anterior, incorporando a maiores soamente novos textos para mellor comprensión.*

II.- MODIFICACIÓNS

Neste apartado inclúense as modificacións contidas no proxecto modificado n.º 1:

A) MODIFICACIÓNS PREVISTAS SEGUNDO APARTADO 6 DAS FEC:

A.1) Modificacións derivadas pola aparición de redes de servizos non previstas en proxecto.

Unha vez comezada a obra e avanzadas as escavacións para o foso das escaleiras mecánicas, compróbase que a localización dos servizos da rede de telecomunicacións e electricidade non coincide co previsto no proxecto orixinal.

Analizada a situación e localización real das redes, e tras consultar coas empresas subministradoras, conséntase que é necesario o seu retranqueo e a futura reinstalación de ambas redes para asegurar o abastecemento e continuidade dos servizos afectados.

Vense alterados por estas modificacións os seguintes subcapítulos do orzamento:

- *Capítulo 7. Instalación de alumeado público.*

B) MODIFICACIÓNS NON PREVISTAS NO PCAP, ARTIGO 205.2.C) DA LCSP; MODIFICACIÓNS NON SUBSTANCIAIS.

B.1) Modificacións derivadas de necesidades de adaptación ao contorno: eliminación das actuacións na Rúa Talude e na Rúa San Roque.

O ramal en fondo de saco fronte ós números 3 e 5 da Rúa Talude, encóntrase dentro do ámbito de actuación do proxecto, constando como vial de titularidade pública na I.O.P (Instrumento de ordenación provisional), razón pola que se incluíron no proxecto aprobado . Unha vez comezada a obra, nas reunións de seguimento e información do transcurso da mesma cos residentes, exprésase a dúbida de se a devandita área é de titularidade pública, polo que decídese consultar ao Servizo de Inventario Municipal da Concellería de Patrimonio, conclúe finalmente que é de titularidade privada, xa que entre outros non consta grafiado como vial de titularidade municipal no Inventario Municipal de Bens e Dereitos en vigor (aprobado por acordo plenario con data do 04/05/1993) e que nas tarefas de aprobación do novo inventario municipal consolida esa situación, polo que á vista dos feitos acontecidos, e ante a dúbida e o risco de acometer actuacións en terreos de titularidade privada, decídese eliminar do ámbito de actuación do proxecto.

Por outra banda, o proxecto orixinal recolle no ámbito de actuación o encontro da rúa Talude coa rúa San Roque. No transcurso do comezo das obras de Humanización da rúa Talude apróbase, mediante resolución do Concelleiro delegado da área de Fomento e Servizos de data 20 de outubro de 2021 e expediente 1055/441, a redacción do proxecto para as obras de "Humanización da rúa San Roque, entre as rúas Gregorio Espino e



Concello de Vigo

Reiseñor”; converxendo unha reducida parte do seu ámbito de actuación có considerado no proxecto orixinal de “Humanización e mellora de accesibilidade da rúa Talude”, en particular, o encontro entre as rúas Talude e San Roque.

As actuacións contempladas por parte do proxecto de humanización da rúa Talude en dito ámbito do encontro coa rúa San Roque comprenden tarefas de asfaltado e pavimentación en baldosa mantendo os criterios de materiais e disposición actuais nesa rúa, ao ser unha afección local de menor entidade sobre a rúa San Roque, así como renovación dun reducido tramo da rede de abastecemento e saneamento, para conexión das redes proxectadas en Talude sobre as redes actuais existentes na rúa San Roque.

Pola súa banda, o proxecto de humanización da rúa San Roque contempla actuacións de maior calado, como a renovación completa de servizos e mellora de acceso peonil, polo que con fin de manter unha eficiente asignación e utilización dos recursos públicos, minimizar as molestias e afeccións aos usuarios e residentes, e co obxecto de garantir un óptimo encaixe entre ambas actuacións, manter un deseño homoxéneo e conseguir uniformidade de acabados, decídese eliminar do ámbito de actuación do proxecto.

Vense alterados por estas modificacións os seguintes capítulos do orzamento:

- Capítulo 1. Traballos previos
- Capítulo 2. Pavimentación e cimentacións
- Capítulo 3. Saneamento
- Capítulo 4. Pluviais
- Capítulo 5. Abastecemento
- Capítulo 7. Instalacións de alumado público
- Capítulo 8. Mobiliario urbano e xardinería
- Capítulo 9. Rego
- Capítulo 10. Sinalización
- Capítulo 11. Xestión de residuos

C) MODIFICACIÓNS NON PREVISTAS NO PCAP, ARTIGO 205.2.B) DA LCSP; CIRCUNSTANCIAS SOBREVIDAS E IMPREVISIBLES

C.1):Modificacións derivada do colapso do muro do Colexio Mariano.

Seguindo o plan de obra aprobado, comézase a obra coa execución do capítulo 1. Traballos previos.

Debido a que parte destes traballos desenvólvense nunha zona próxima ao muro do colexio Mariano, muro que delimita físicamente a actuación, fora do ámbito de actuación pero contiguo a ésta , tómase como medida de prevención a colocación de testigos en dito muro.



Imaxe 1. Infografía da actuación finalizada onde se visualiza a disposición da escaleira mecánica proxectada contigua ao muro do Colexio Mariano, a dereita da escaleira mecánica no sentido de subida.

Unha vez tomadas as medidas de seguridade oportunas, iníciense os traballos de escavación do foso das escaleiras mecánicas, realizando unha labor de vixilancia diaria da evolución dos testigos, sen observarse



Concello de Vigo

ningún problema. Avanzados ditos traballos de escavación prodúcese, sen que os testigos empregados nin outros sinais ou indicios puxesen en pre-alerta, o colapso de parte do muro, deixando de manifesto a deficiente execución do mesmo, comprobándose que carece de tizóns e que non posúe un recheo no trasdós adecuado; elementos clave para a estabilidade e integridade estrutural dun elemento de contención destas características.

Dita circunstancia obrigou á aplicación de medidas de seguridade urxentes, ampliando e reforzando as existentes. Por outra banda, procedeuse a aplicar de inmediato medidas de contención de emerxencia, así como á realización dun estudo para avaliar e restituír a estabilidade do muro afectado.

Imaxe 2. Muro colapsado con parte das medidas de contención de emerxencia, e cos restos deste sobre o ámbito da obra.

Co obxecto de garantir a seguridade e minimizar os riscos, levouse a cabo o apeo do muro e realizouse un estudo xeotécnico, que concluíu coa necesidade da execución dunha pantalla de micropilotes. Tamén procedeuse á realizar un protocolo de gretas no interior do colexio Mariano para levar un control completo e exhaustivo.

O colapso do muro provocou outras afectacións no entorno:

- En primeiro lugar, descóbrese un colector de saneamento, que corresponde á acometida do colexio Mariano, e que atravesa o muro ata conectarse co colector unitario das escaleiras existentes.
Ó realizar o estudo do novo muro, conclúese que é preciso retranquealo para poder executar os micropilotes e ancoraxes, xa que interfere na súa traxectoria. Debido á necesidade de retranquear este colector, decídese adaptalo á configuración de redes da contorna xerando unha rede separativa.
- Por outra banda, o colapso do muro afectou a un xardín que se atopaba sobre a coroación do mesmo, obrigando a transplantar diferentes especies para poder executar os micropilotes.
- Finalmente, é preciso repoñer un tramo da pavimentación da rúa Urzaiz afectado polo colapso.

Vense alterados por estas modificacións os seguintes capítulos do orzamento:

- Capítulo 1. Traballos previos

- *Capítulo 2. Pavimentacións e Cimentacións*
 - *Capítulo 3. Saneamento*
 - *Capítulo 8. Mobiliario urbano e xardinería*
 - *Capítulo 11. Xestión de residuos*
 - *Capítulo 12. Seguridade e saúde*
- .”

E do cal se extrae o seguinte resumen cuantitativo:

(...)

A totalidade das modificacións propostas neste expediente, así como as variacións de unidades do mesmo relativas ao incremento/diminución de medicións das unidades existentes conforme ao artigo 242.4 i) da



LCSP, cuantitativamente resultan nun incremento orzamentario respecto ao proxecto orixinal, como se resume na seguinte táboa:

PROYECTO ORIGINAL	PROYECTO MODIFICADO	MODIFICACIONES ART. 204	MODIFICACIONES ART.205.2 b)	MODIFICACIONES ART.205.2c)	MODIFICACIONES ART.242.2	DIFERENCIA
Importe	Importe	Total	Total	Total	Total	MOD-PROY



Concello de Vigo

TRABAJOS PREVIOS	24.987,13	32.694,11	0,00	9.802,37	-2.095,39	0,00	7.706,98
PAVIMENTACIÓN Y CIMENTACIONES	60.952,08	211.485,57	0,00	169.378,66	-18.845,17	0,00	150.533,49
SANEAMIENTO	24.727,89	36.479,99	0,00	14.883,87	-3.131,77	0,00	11.752,10
PLUVIALES	9.679,71	6.007,89	0,00	0,00	-3.671,82	0,00	-3.671,82
ABASTECIMIENTO	24.037,39	17.790,12	0,00	0,00	-6.247,27	0,00	-6.247,27
ESCALERA MECÁNICA	168.591,17	168.591,17	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
INSTALACIÓN DE ALUMBRADO PÚBLICO	29.607,92	105.650,07	30.748,65	0,00	45.293,50	0,00	76.042,15
MOBILIARIO URBANO Y JARDINERÍA	58.226,81	58.917,52	0,00	3.730,89	-3.040,18	0,00	690,71
RIEGO	5.813,14	4.230,92	0,00	0,00	-1.582,22	0,00	-1.582,22
SEÑALIZACIÓN	1.587,65	1.545,38	0,00	0,00	-42,27	0,00	-42,27
GESTIÓN DE RESIDUOS	26.297,32	24.921,72	0,00	126,18	-1.501,78	0,00	-1.375,60
SEGURIDAD Y SALUD	11.590,25	22.595,99	0,00	3.133,60	0,00	7.872,14	11.005,74
IMPREVISTOS	49.566,50	49.566,50	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL E.M.	495.664,96	740.476,95	30.748,65	201.055,57	5.135,63	7.872,14	244.811,99
13% G.G.	64.436,44	96.262,00					
6% BI	29.739,90	44.428,62					
SUMA	589.841,30	881.167,57					
BAJA 19,69 %	116.139,75	173.501,89					
TOTAL	473.701,55	707.665,68					
IVA 21%	99.477,33	148.609,79					
TOTAL CON IVA	573.178,88	856.275,47	35.557,24	232.497,38	5.938,76	9.103,21	283.096,59
% MODIFICADO RESPECTO PROYECTO EN LÍQUIDO			6,20%	40,56%	1,04%	1,59%	49,39%

As variacións recollidas no presente modificado nº1 son debido a modificacións que atenden as circunstancias recollidas nas FEC, así como a modificacións non substanciais e modificacións por circunstancias imprevisibles, e variacións de unidades do mesmo relativas ao incremento/diminución de medicións das unidades existentes conforme ao artigo 242.4i) da LCSP, co seguinte resumo:

	PEM	LIQUIDO	% P.E.M orixinal
MODIFICACIONES art. 204 LCSP (modificacións previstas no PCAP)	30.748,65	35.557,24	6,20%
MODIFICACIONES art. 205.2.b) LCSP	201.055,57	232.497,38	40,56%
MODIFICACIONES art.205.2.c) LCSP:	5.135,63	5.938,76	1,04%
a) Modificacións por introdución de prezos novos	56.011,96	64.771,32	11,30%

b) Modificacións non substanciais	-50.876,33	-58.832,56	-10,26%
VARIACIÓNS art 242.2 LCSP	7.872,14	9.103,21	1,59%
TOTAL	244.811,99	283.096,59	

”

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

I.- A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), establece no seu artigo 190 que o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta (artigo 203 LCSP), dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e para os efectos sinalados na Lei.

Respecto á xustificación do interese público, a dirección facultativa argumenta no seu informe técnico no apartado VIII CONCLUSIÓN o seguinte:

“(…)

Ten que sinalarse que o conxunto de modificacións propostas, descritas polo miúdo no apartado II. Modificacións, resultan precisas para a correcta finalización da obra en execución, sendo o obxectivo das mesmas posibilitar o remate das obras de humanización e accesibilidade da rúa Talude con Urzaiz.

- *As modificacións derivadas da aparición de redes distintas ás recollidas no proxecto, descritas no apartado II. A.1) resultan de interese público xa que son necesarias para asegurar o abastecemento e continuidade dos servizos de telecomunicacións e electricidade nos edificios da contorna, sendo este un elevado número ao tratarse do centro urbano da cidade de Vigo.*



Concello de Vigo

- *Do mesmo xeito, as modificacións non substanciais indicadas no apartado II.B.1), referidas á adaptación ao contorno, constitúen actuacións de interese público xa que con elas búscase una xestión eficiente dos recursos públicos, minimizando a afección aos usuarios e residentes do ámbito, e priorizando as actuacións que ofrecen un maior beneficio tanto técnico como social, e unha mellor adaptación á contorna.*

- *Por último, as modificacións por circunstancias sobrevidas e imprevisibles referentes ao apartado C.1), derivadas do colapso do muro do colexio Mariano, son de interese público para asegurar a estabilidade e integridade estrutural tanto de parte do colexio Mariano, como de seguridade para o uso público das escaleiras proxectadas de acceso dende a rúa Urzaiz á rúa Talude.”*

II.- O artigo 203.2 da LCSP contempla que os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación solo poderán modificarse durante a súa vixencia, cando se de algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se teña previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204 da LCSP;
- b) Excepcionalmente cando sexa necesario realizar unha modificación que non está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre e cando se cumplan as condicións establecidas no artigo 205.

Polo tanto, a LCSP prevé dous supostos de modificación dos contratos (artigos 204 e 205 da LCSP). No primeiro caso regúlanse as modificacións previstas na documentación que rexe a licitación e no segundo as modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación.

III.- En relación coa posibilidade de modificación prevista no artigo 204 da LCSP , no apartado 6 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas do contrato, aprobado pola Xunta de Goberno local en data 16 de xullo de 2021, establécese a posibilidade de modificación do mesmo nas seguintes circunstancias:

- Aspectos a modificar: as unidades de obra relacionadas con traballos previos, pavimentacións e cimentacións, saneamento, pluviais, abastecemento, escaleira mecánica, instalación de iluminación pública, rede de rego, sinalización, mobiliario urbano e xardinería, seguridade e saúde e xestión de residuos.
- Circunstancias que determinan a modificación:
 - Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas, estado das estruturas e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto.
 - Necesidades de adaptación ao contorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.

De conformidade co disposto no devandito artigo 204 LCSP e no Prego, as modificacións en ningún caso poderán superar o 20% do prezo inicial do contrato.

Neste caso que nos ocupa, tal e como se sinala no informe técnico da dirección facultativa no seu apartado II. A), tanto os aspectos a modificar *-Capítulo 7 de instalación de alumado público-* como as circunstancias que determinan a modificación *-a localización dos servizos da rede de telecomunicacións e electricidade non coincide co previsto no proxecto orixinal -* teñen o seu encaixe no apartado 6 das FEC. Asemade, en canto ao límite porcentual, consta no informe da dirección facultativa no seu apartado VI.- ORZAMENTO, que as modificacións previstas a tenor do disposto no artigo 204 da LCSP ascenden a un total de **35.557,24 euros, supoñendo o 6,20% do prezo do contrato.**

IV. En relación coa posibilidade de modificación regulada no artigo 205 da LCSP, as modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares o que, habendo sido previstas, no se axusten ao establecido no artigo 204, solo poderán realizarse cando a modificación en cuestión cumpra os seguintes requisitos:



Concello de Vigo

- a Que atope a súa xustificación en algún dos supostos que se relacionan no apartado segundo deste artigo.
- b Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder a causa obxectiva que as faga necesarias.

Entre os supostos que eventualmente poderían xustificar una modificación non prevista, sempre e cando esta cumpra tódolos requisitos recolleitos no apartado anterior, figuran os seguintes:

- art.205.2.b da LCSP:
 - Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevindas e que foran imprevisibles no momento en que tivo lugar a licitación do contrato, sempre e cando se cumpran as tres condicións seguintes:
 - 1.º Que a necesidade da modificación se derive dunha circunstancia que unha Administración dilixente no houbera podido prever.
 - 2.º Que a modificación non altere a natureza global do contrato.
 - 3.º Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, aislada o conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50 por 100 do seu prezo inicial, IVA excluído.

Neste caso, a proposta de modificación contemplada no apartado II.C.1) atópase contemplada nos supostos do artigo 205.2.b) da LCSP, tal e como se xustifica no informe da dirección facultativa no seu apartado III.- OBXECTIVO E PROPOSTA DA MODIFICACIÓN, que indica o seguinte:

“(…)

As modificacións derivadas do colapso do muro do Colexio Mariano – apartado II.C.1 - responden a circunstancias sobrevidas e imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato, no sentido indicado no apartado 2.b) do artigo 205 da LCSP cumpríndose:

- *Que a necesidade de modificación se derive de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever. As modificacións propostas responden a circunstancias imprevisibles, dado que a devandita estrutura atópase fora do ámbito obxecto do presente*

proxecto, o que conleva á imposibilidade de coñecer antes da entrada en obra, a existencia de certos elementos, os cales deberían atoparse ocultos tras o chapeado decorativo do muro, tales como a cimentación e tizóns, cuxo cometido é actuar a modo de ancoraxe ao terreo existente colocando parte das pezas integrantes do muro en sentido perpendicular a este, e que son necesarios en estruturas de contención destas características para asegurar a súa estabilidade. Co seu colapso quedou patente que a súa cara exterior era soamente decorativa e constátase a falta dos elementos anteriormente mencionados (cimentación e tizóns), ademais de presentar un deficiente e inadecuado recheo no seu trasdós, elementos estruturais de contención e ancoraxe esenciais para garantir a súa estabilidade e integridade.

- *Que a modificación non altera a natureza global do contrato.*
- *As modificación implican unha alteración na contía do contrato que non excede do 50% do prezo inicial IVE excluído (supoñen un 40,56%).*

As citadas modificacións estímase non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e son de interese para unha adecuada solución do obxecto da obra contratada, sendo esixidas en xeral por circunstancias sobrevidas e imprevisibles no momento da licitación -a causa do colapso do muro de peche do Colexio Mariano-. Indicar que as modificacións propostas se limitan a introducir as variacións estritamente indispensables para responder a citada causa.”

Neste caso que nos ocupa, consta no informe da dirección facultativa no seu apartado VI.- ORZAMENTO, que as modificacións previstas a tenor do disposto no artigo 205.2.b) da LCSP ascenden a un total de **232.497,38 euros, supoñendo o 40,56% do prezo do contrato.**

V.- Por ultimo, respecto ás modificacións non substanciais contempladas no artigo 205.2.c da LCSP, a propia Lei establece os seguintes requisitos:

- Neste caso terase que xustificar especialmente a necesidade das mesmas, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial.

Unha modificación dun contrato considerárase substancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao celebrado nun principio. En calquera caso, unha modificación considerárase substancial cando se cumpra unha ou varias das condicións seguintes:



Concello de Vigo

1.º Que a modificación introduza condicións que, de figurar no procedemento de contratación inicial, permitirían a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente ou atraerían a máis participantes no procedemento de contratación.

En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando a obra ou o servizo resultantes do proxecto orixinal ou do prego, respectivamente, máis a modificación que se pretenda, requiran dunha clasificación do contratista diferente á que, no seu caso, esixiuse no procedemento de licitación orixinal.

2.º Que a modificación altere o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial.

En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando, como consecuencia da modificación que se pretenda realizar, introduciríanse unidades de obra novas cuxo importe representaría máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato.

3.º Que a modificación amplíe de forma importante o ámbito do contrato.

En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando:

(i) O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, do 15 por cento do prezo inicial do mesmo, IVE/IVE excluído, se se trata do contrato de obras ou dun 10 por cento, IVE/IVE excluído, cando se refira aos demais contratos, ou ben que supere o limiar que en función do tipo de contrato resulte de aplicación de entre os sinalados nos artigos 20 a 23.

(ii) As obras, servizos ou subministracións obxecto de modificación áchense dentro do ámbito doutro contrato, actual ou futuro, sempre que se iniciou a tramitación do expediente de contratación.

Neste caso, a proposta de modificación contemplada no apartado II.B.1) atópase contemplada nos supostos do artigo 205.2.c) da LCSP, tal e como se xustifica no informe da dirección facultativa no seu apartado III OBXECTIVO E PROPOSTA DA MODIFICACIÓN, que indica o seguinte:

“(…)

Asemade, indicar que hai modificacións que xorden a causa de circunstancias non previstas no PCAP da licitación, e se limitan a introducir as variacións estritamente indispensables e necesarias derivadas da reordenación do ámbito de actuación.

As modificacións derivadas da necesidades de adaptación ao contorno - apartado II.B.1- non son substanciais no sentido indicado no apartado 2.c) do artigo 205 da LCSP, xa que a obra resultante coas modificacións descritas non requiren clasificación do contratista diferente á da licitación orixinal, non se introducen unidades de obra novas que representen máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato nin tampouco amplía o ámbito do contrato, xa que coas modificacións non se supera o 15% do prezo inicial do contrato.

Respecto a xustificación da súa especial necesidade e e razóns polas que ditas prestacións non se incluíron no contrato inicial, cabe dicir que:

- Respecto a eliminación das actuacións da rúa Talude (no ramal en fondo de saco), sinalar que dito ámbito constaba como vial de titularidade pública na I.O.P (Instrumento de ordenación provisional), razón pola que se incluíu no proxecto aprobado, pero que ante a dúbida xurdida unha vez comezada a obra, e o risco de acometer actuacións en terreos de titularidade privada, decídese eliminar do ámbito de actuación do proxecto.*
- Respecto a eliminación das actuacións na Rúa Talude no encontro coa rúa San Roque, indicar que o proxecto de humanización da rúa San Roque contempla actuacións de maior calado, como a renovación completa de servizos e mellora de acceso peonil, variando a disposición da sección e materiais, ao resolver as necesidades de toda a rúa San Roque dun modo global, polo que con fin de manter unha eficiente asignación e utilización dos recursos públicos, minimizar as molestias e afeccións aos usuarios e residentes, reducir sobrecustes futuros e co obxecto de garantir un óptimo encaixe entre ambas actuacións, manter un deseño homoxéneo e conseguir uniformidade de acabados, decídese eliminar do ámbito de actuación do proxecto. Estas consideracións non se puideron ter en conta na redacción do proxecto de Talude ao non existir a proposta de actuación global sobre a rúa San Roque que xurdiu con posterioridade.”*



Concello de Vigo

Por outra banda, en relación ao importe das novas unidades de obra que é necesario introducir, as mesmas representa o 11,30% do orzamento inicial do contrato:

CODIGO	UD	DESCRIPCION	MEDICIÓN	PRECIO	IMPORTE
PN16	ml	Línea subterránea (3F+N) BT 240 mm2	242,38	70,63	17.119,30
PN17	ml	Apoyo línea provisional, incluído montaje y desmontaje	26,00	221,45	5.757,70
PN18	ml	Desmontaje de intalación	1.599,37	1,56	2.495,02
PN19	ml	Cable FO 64 conductores	439,68	21,57	9.483,90
PN20	ml	Cable FO 128 conductores	651,14	28,38	18.479,35
PN21	ud	Arqueta prefabricada tipo D	2,00	985,73	1.971,46
PN22	ud	Arqueta prefabricada tipo H	1,00	705,23	705,23

IMPORTE TOTAL DE PRECIOS NUEVOS	56.011,96
---------------------------------	-----------

IMPORTE TOTAL DE PRECIOS NUEVOS LÍQUIDO	64.771,32
---	-----------

PRESUPUESTO EJECUCIÓN MATERIAL PROYECTO ORIGINAL	495.664,96
--	------------

PORCENTAJE DE IMPORTE TOTAL DE PRECIOS NUEVOS SOBRE PEM ORIGINAL	11,30%
--	--------

En definitiva, tal e como se indica no informe da dirección facultativa no seu apartado VI.- ORZAMENTO, as modificacións previstas a tenor do disposto no artigo 205.2.c) da LCSP ascenden a un total de **5.938,76 euros, supoñendo o 1,04% do prezo do contrato.**

VI.- As circunstancias que dan lugar as modificacións propostas no apartado II.A.1) do informe técnico da dirección facultativa, atópanse previstas no apartado 6 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas do contrato. Sen embargo, aínda que ditas circunstancias foron previstas no PCAP da licitación-, nalgúns casos obrigan á introdución de novas unidades de obra con novos prezos unitarios non previstos no contrato, polo que ditas modificacións non se axustan ao establecido no artigo 204 da LCSP, e se limitan a introducir as variacións estritamente indispensables e que son necesarias para responder a ditas causas obxectivas.

Respecto as circunstancias que dan lugar as modificacións propostas no apartado II.B.1) do informe técnico da dirección facultativa, encádranse nas modificacións non previstas non PCAP - modificacións non substanciais- e se limitan a introducir as variacións estritamente indispensables e necesarias para responder a necesidade de adaptación ao contorno, polo que ditas modificacións expostas non son substanciais, nos termos da regulación da mesma que se establece no apartado c) do punto 2 do referido artigo 205.

Tal e como se indica no devandito informe da dirección facultativa, non se cumpren ningunha das tres condicións que cualificarían ditas modificacións de substanciais, e mesmo en termos obxectivos por supoñer un incremento do prezo inferior ao 15% do contrato, conforme ao disposto no propio artigo 205.2. c.i) tería a consideración obxectiva de ser unha modificación non substancial.

Por último, as circunstancias que dan lugar as modificacións propostas no apartado II.C.1) do informe técnico da dirección facultativa, encádranse nas modificacións non previstas non PCAP - circunstancias sobrevidas e imprevisibles- xa que a necesidade da modificación derivase de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera ter previstas - dado que o muro do colexio Mariano atópase fora do ámbito obxecto do presente proxecto, o que conleva á imposibilidade de coñecer antes da entrada en obra, a existencia de certos elementos, os cales deberían atoparse ocultos tras o chapeado decorativo do muro, tales como a cimentación e tizóns, cuxo cometido é actuar a modo de ancoraxe ao terreo existente colocando parte das pezas integrantes do muro en sentido perpendicular a este, e que son necesarios en estruturas de contención destas características para asegurar a súa estabilidade. Co seu colapso quedou patente que a súa cara exterior era soamente decorativa e constátase a falta dos elementos anteriormente mencionados (cimentación e tizóns), ademais de presentar un deficiente e inadecuado recheo no seu trasdós, elementos estruturais de contención e ancoraxe esenciais para garantir a súa estabilidade , a modificación non altera a natureza global do contrato e a modificación non implica unha alteración na contía que exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVA excluído.

En consecuencia, tal e como se indica nos fundamentos xurídicos, a proposta de modificación do contrato atópase contemplada nos supostos do artigo 204, 205.2.b) e 205.2.c) da LCSP.



Concello de Vigo

VII.- Respecto do prazo de execución do contrato, o PCAP que rexe o presente contrato establece no apartado 4 das FEC, un prazo de execución das obras de 7 meses, contados dende o día seguinte á sinatura da acta de comprobación de replanteo (16.11.2021).

Tendo en conta as ampliacións do prazo de execución das obras autorizadas en datas 18.10.2022, 19.12.2022 e 09.02.2023, e as distintas incidencias xurdidas durante a execución temporal das devanditas obras, tal e como se recolle no informe xeral de prazos emitido pola dirección facultativa en data 23.02.2023, a data vixente de finalización das obras é o vindeiro 8 de abril de 2023.

VIII.- As especialidades procedimentais a seguir para a modificación dos contratos figuran reguladas con carácter xeral no artigo 207 da LCSP, figurando no artigo 242 do mesmo texto as especificacións propias das modificacións dos contratos de obra.

Tales requisitos son os seguintes:

- 1 Audiencia do redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes se tiveran preparado por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos para que, nun prazo non inferior a tres días, formulen as consideracións que considere convenientes (artigo 191, 207 e 242 da LCSP).
- 2 Informe da Asesoría Xurídica Municipal e fiscalización previa da Intervención Municipal (artigos 191 do LCSP e 102 do RLCAP)
- 3 Ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia nos casos de modificacións do contrato cando no estivesen previstas no prego de cláusulas administrativas e a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 % do prezo inicial do contrato, IVA excluído, e o seu prezo sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros ou cando se formule oposición por parte do contratista (artigo 191 da LCSP)

Os requisitos específicos para os contratos de obras previstos no artigo 242 da LCSP son:

- 1 Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, e non sexa necesario realizar unha nova licitación, os prezos aplicables ás mesmas serán fixados pola Administración, previa audiencia do contratista por prazo mínimo de tres días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que tivera fixado, executalas directamente ou optar pola resolución do contrato conforme ao artigo 211 da LCSP.

- 4 Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto, e se cumpran os requisitos que a tal efecto regula esta lei, recadará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que substanciarase coas seguintes actuacións:
 - a Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
 - b Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de tres días.
 - c Aprobación do expediente polo órgano de contratación así como dos gastos complementarios precisos.

Así mesmo, recadarase o informe de supervisión de proxectos no supostos previstos no artigo 235 da LCSP (136.3 do RLCAP).

XIX.- As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 (artigo 204, 205, 206 e 242.1 da LCSP). No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obra, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización algunha (art.242.1 da LCSP).

X.- Deberase publicar en todo caso un anuncio de modificación no perfil do contratante do órgano de contratación, no prazo de 5 días desde a aprobación da mesma, que deberá ir acompañado das



Concello de Vigo

alegacións do contratista e de tódolos informes que , no seu caso, recadaranse con carácter previo á aprobación, incluídos aqueles aportados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación (artigo 63.3 e 207.3 da LCSP).

Asemade, remitirase copia certificada ao Consello de Contas dentro dos tres meses seguintes á formalización, para o exercicio da función fiscalizadora, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros, tratándose de obras (artigo 335 da LCSP).

XI.- Revisado o expediente administrativo constan todos os requisitos legais preceptivos. Así:

1º.- Constan informes da Dirección Facultativa de data 29.12.2022, 06.02.2023 e 10.03.2023, xustificativos da necesidade da modificación, do seu interese público, e do cumprimento das esixencias dos artigos 203, 204, 205 e 206 da LCSP así como do apartado 6 das FEC do PCAP reitor do contrato.

2º.- Consta autorización do Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 1 de abril de 2022, en virtude do Decreto de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e Acordo de Delegación de Competencias da Xunta de Goberno Local nos Concelleiros Delegados de Área de data 20 de xuño de 2019, órgano de contratación conforme ó previsto na Disposición Adicional 2ª da LCSP.

3º.- Consta audiencia ao redactor do proxecto, quen manifesta en data 28.12.2022 a súa conformidade. (ttes. 325, 330 e 331 do expediente dixital).

4º.- Consta o trámite de audiencia ao contratista sobre o proxecto modificado, as modificacións propostas e os novos prezos, e a conformidade deste, en data 27.12.2022.(ttes. 324, 328 e 329 do expediente dixital).

5º.- Constan informes favorables da Oficina de Supervisión de Proxectos e Asistencia Técnica Municipal de datas 13.01.2023, 08.02.2023 e 10.03.2023. (ttes. 335, 350 e 364 do expediente dixital)

6º.- Recóllense no proxecto modificado, de acordo co establecido no artigo 160 do RD 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en adiante RXLCAP) de forma separada as variacións de medicións executadas de acordo ao artigo 242.4 i) da LCSP.

7º.- Non é preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia (artigo 191.3.b da LCSP), xa que aínda que as modificacións non previstas superan o 20% do prezo inicial do contrato, o prezo inicial do contrato non supera a contía de 6.000.000 euros.

8º.-Tal e como indica o informe da Dirección facultativa a modificación respecta tanto o previsto no artigo 204 como no artigo 205 da LCSP.

9º.- Con carácter previo a súa aprobación polo órgano de contratación debe emitirse:

- Informe da Asesoría Xurídica Municipal
- Informe de Fiscalización da Intervención Xeral

10º.- Unha vez aprobado o mesmo:

- Debe ser formalizado.
- Debe reaxustarse a garantía definitiva ao producirse variación no prezo no prazo de 15 días dende a notificación do acordo de modificación (artigo 109.3 d LCSP)
- Deberá facerse pública a información da modificación (artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e artigo 203.3 da LCSP)

XII.- Procede elevar, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda da LCSP:



Concello de Vigo

1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 das obras de “**HUMANIZACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA RÚA TALUDE**” redactado polos directores das obras, Dna. María Francisca Arlandis Marra e D. Óscar Parga Rodríguez, o que supón unha importe líquido de **283.096,59 €**, supoñendo un 6,20 % (35.557,24 €) de modificación por causas xustificadas contempladas no artigo 204 da LCSP, un 40,56 % (232.497,38 €) de modificación por causas xustificadas contempladas no artigo 205.2b) da LCSP , un 1,04 % (5.938,76 €) de modificación por causas xustificadas contempladas no artigo 205.2c) da LCSP e un 1,59 % (9.103,21 €) por variacións de medicións do artigo 242.4. da LCSP.

2º.- Autorizar a o gasto, con cargo á partida orzamentaria 1539 619 0061, pola diferenza entre o gasto autorizado estimado para a continuidade provisional das obras do modificado nº1 por importe de 55.621,28 euros (documento contable ADRC nº 202200069474) e o gasto líquido adicional resultante do modificado nº1 por importe de 283.096,59 € euros, ascendendo dita diferenza a un total de 227.475,31 € euros ó alza.

3º.- Proceder ao reaxuste da garantía definitiva con carácter previo á formalización do contrato.

4º.- Instar á mercantil AVANT INTEGRAL S.L., adjudicataria do contrato de obra, á formalización do modificado do mesmo no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción da notificación da presente resolución, nos termos do artigo 153 da LCSP, debendo acreditarse con carácter previo á formalización o reaxuste da garantía nos termos do apartado anterior.

5º.- Proceder a publicación dos anuncios da modificación nos termos dos artigos 63.3 e 207.3 da LCSP e remitir copia certificada do acordo aprobatorio ao Consello de Contas, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Proxecto de convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo para o desenvolvemento do “Vigo Open-World Pádel Tour 2023”. Expte. 22455/333.
- .- Adxudicación da contratación do patrocinio publicitario da “XXIV Gran Gala do Deporte de Vigo e a súa comarca 2023” organizada polo Faro de Vigo. Expte. 19493/101.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

8(233).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO “VIGO OPEN-WORLD PADEL TOUR 2023”. EXPTE. 22455/ 333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de xurídico do 31/03/2023 e o informe de fiscalización do 03/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 22/03/2023, asinado polo xefe do servizo de Deportes-director deportivo, o concelleiro delegado de Deportes e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1.- A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas nos eidos administrativos ós que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ó tempo que, as



Concello de Vigo

deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

2.- Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar co ámbito de desenvolvemento da actividade deportiva na cidade.
- Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interese deportivo na cidade de Vigo.
- Promocionar o deporte de competición na cidade de Vigo.
- Colaborar con proxectos que poñan en valor modalidades de arraigo na cidade de Vigo.
- Optimizar os recursos que se destinan ó desenvolvemento da actividade físico-deportiva no ámbito da cidade de Vigo.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

3.- En relación ó desenvolvemento e promoción de programas de promoción deportiva na cidade de Vigo, débese resaltar a gran demanda, asistencia e participación que teñen na cidade; nos atopamos que a celebración de grandes eventos deportivos que supoñan establecer referencias deportivas do máis alto nivel en Vigo, conforman unha importante proposta e fundamentan a oportunidade de xerar novos proxectos que podan contribuír, fundamentalmente, a impulsar e potenciar a participación da cidadanía no ámbito deportivo.

A celebración do Proxecto de promoción deportiva de Padel a través da organización do evento deportivo "Vigo Open-World Pádel Tour 2023", converterá a cidade de Vigo durante a súa celebración no centro de atención do pádel no ámbito internacional, máis de 300 deportistas do máis alto nivel internacional, tendo en conta ademais cunha elevada participación feminina e a repercusión sobre os máis de 5 millóns de practicantes en España xeran mais de 3,5M seguidores en redes sociais, e partidos en directo en televisión e en streaming convertendo a competición nun espectáculo deportivo de gran nivel e competitividade seguido por numeroso público, facendo que Vigo sexa, durante a súa celebración, o epicentro do pádel.

Asemade, o devandito proxecto desenvolve complementariamente unha serie de accións de comunicación e difusión a través de redes sociais que fai deste evento deportivo unha boa oportunidade de promoción da cidade acolledora do evento deportivo e do deporte en si mesmo. Esta difusión farase a través da dinamización da prensa escrita, Movistar+, nos canais #Vamos e Movistar Deportes, con retransmisión en directo dos partidos de maior interese ou a dinamización a través dunha canle de YouTube, cunha estimación de 2M de visualizacións en directo e á carta, 4,3M de visualizacións en total en Youtube, 3,5M de seguidores en RRSS ou unha audiencia acumulada de 555 mil espectadores en Movistar+e canles internacionais superando en subscritores a outras competicións de ámbito internacional.

A importancia deste evento de promoción radica ademais no impulso que supón para unha modalidade moi arraigada na comunidade en xeral, e na nosa cidade en particular, na que na actualidade existe unha gran afección a este deporte.

4.- O Concello de Vigo, continuando as amplas intervencións realizadas nos últimos anos, pretende executar o seguinte proxecto deportivo:

Investimento
–Proxecto de promoción deportiva de pádel a través da organización do evento deportivo “Vigo Open-World Pádel Tour 2023”, coa participación de máis de 300 participantes do ámbito internacional, que se disputará na cidade de Vigo.

5.- Co obxecto de proceder ó desenvolvemento deste proxecto, detállanse as seguintes especificacións resumidas:

Investimento
Vigo Open-World Pádel Tour 2023
Obxecto da actuación:
Desenvolver o Proxecto de promoción deportiva de pádel a través da organización do evento deportivo “Vigo Open-World Padel Tour 2023”, coa participación de máis de 300 participantes do ámbito internacional, que se disputará en Vigo
Alcance económico da actuación:
255.000,00 €



Concello de Vigo

6.- En data 24.01.23 o Concelleiro delegado de Deportes, resolveu iniciar o expediente para a elaboración e aprobación de ser o caso por parte do Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra dun convenio para o financiamento e a execución das actuacións precisas para o desenvolvemento do proxecto de promoción deportiva na Cidade proposto neste expediente.

7.- O Xefe do servizo de deportes-Director deportivo, co conforme do Concelleiro delegado de deportes, á vista do interese de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para a execución de actuacións estratéxicas encamiñadas a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio convenio se sinalan; actuacións e proxectos entre os que se inclúen, no que ao presente convenio importa, aquelas actuacións encamiñadas a potenciar o deporte como un elemento integrador, posibilitando a consolidación das novas demandas sociais, cuxo obxecto é articular o réxime de colaboración entre o Concello e a Deputación para o financiamento dos investimentos vinculados ao presente convenio.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O artigos 86 da Lei 39/2018, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes de réxime local (TTRRL) econtemplan que as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios e contratos, con persoas tanto de dereito público como privado sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico ou versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule.

Os artigos 57 da LRBRL e 195 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia (LALGA), prevén a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e a Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común. As formas e termos da colaboración serán os previstos nas Leis, podendo ter lugar mediante consorcios ou convenios administrativos que subscriban as partes.

O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependente o as Universidades públicas entre sí o con suxeitos de dereito privado para un fin común.

O convenio proposto constitúe un convenio interadministrativo conforme o disposto no artigo 47..2^a) da LRXSP en tanto que a Deputación de Pontevedra é o Concello de Vigo son entidades que integran a Administración Pública e ten por obxecto colaborar na execución dun fin común que se concreta na promoción deportiva de Pádel a través da organización do evento deportivo “Vigo Open-World Padel Tour 2023”, que se disputará no mes de maio de 2023 en Vigo, cun orzamento previsto de 1.049.770,00 €.

Concretamente o artigo 25. 2. l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) atribúe aos municipios competencias propia, no que ao presente convenio importa, aquelas actuacións de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

Respecto a Deputación o artigo 36 da LRBRL determina como competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de conformidade coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. E o artigo 118 da LALGA atribúe as Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos, cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos e, en especial, organización de concursos e exposicións ou de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

O convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, polas normas de dereito privado.



Concello de Vigo

Que o Concello de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das certificacións que figuran no expediente.

O convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio perseguidos.

Polo todo o exposto e, ao abeiro do dito principio de cooperación entre o Concello de Vigo e a Excm. Deputación de Pontevedra, está previsto a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra na que a dita Deputación comprométese a achega de CENTO NOVENTA E CINCO MIL EUROS (195.000,00 €) para a execución do citado proxecto de promoción deportiva durante o evento deportivo na edición do 2023. Pola súa parte, o Concello de Vigo obrígase a achegar a contía total de DOUS CENTOS CINCUENTA E CINCO MIL EUROS (255.000,00€) para o desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva do pádel durante o citado evento deportivo contra a aplicación orzamentaria 34102279907 do remanente nº de operación 13410 "Promoción Marca Vigo" do vixente orzamento municipal.

Que en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro da Área de Cultura e Emprego e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, elévase a Xunta de Goberno Local como órgano competente para aprobación do acordo en virtude da delegación de facultades outorgada por Resolución da Alcaldía de data 18.06.2019 modificada por Resolución de data 17.08. 2020 en materia de aprobación dos convenios con outras Administracións. a seguinte, **PROPOSTA:**

Primeiro.- Prestar aprobación ao CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO “VIGO OPEN 2023-WORLD PADEL TOUR”, transcrito no Anexo da presente.

Segundo.- Dar conta á Deputación provincial de Pontevedra da aprobación do convenio que se anexa para o desenvolvemento Pádel a través da organización do evento deportivo “Vigo Open 2023-World Pádel Tour”, que se disputará na cidade de Vigo.

Terceiro. Tras a firma do presente convenio procederase a tramitación administrativa conducente ó cumprimento dos termos do convenio.

Vigo, na data da sinatura dixital

O Xefe do servizo de deportes-Director deportivo.- Rubén Peña Barceló

Conforme.- O Concelleiro Delegado de deportes.- José Manuel Fernández Pérez

Conforme.- O Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda.-Jaime Aneiros
Pereira



Concello de Vigo

Anexo I

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE PROMOCIÓN DEPORTIVA DO PÁDEL A TRAVÉS DA DINAMIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “VIGO OPEN-WORLD PÁDEL TOUR 2023” NA CIDADE DE VIGO

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, dona María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Doutra, don José Manuel Fernández Pérez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de concelleiro delegado de Deportes, en virtude das facultades delegadas por resolución de Alcaldía de data 04/09/2020.

E actuando don Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, e dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da administración municipal do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.

As partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I. Que a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administracións democraticamente escollidas, deben ser os axentes protagonistas nos eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que as deputacións deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadanía poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II. Que a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo, en base aos principios de colaboración, cooperación e asistencia entre as diferentes Administracións Públicas no exercicio das súas competencias e en asuntos de interese común que se recollen na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), deciden potenciar a consolidación do deporte como un elemento integrador e a posta en valor dos recursos turísticos do municipio e do seu contorno, posibilitando a consolidación de importantes eventos deportivos no Concello de Vigo.

III. Que a Deputación de Pontevedra contempla nos orzamentos do ano 2023 unha aplicación orzamentaria para convenios co Concello de Vigo.

IV. Que o artigo 36.1.d) da LRBRL atribúe ás deputacións a competencia na cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. Así mesmo, o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA) encoméndalles en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia e por outro lado, a Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia (LDG), nos seus artigos 7.1 e 7.6 especifica que as deputacións provinciais exercerán no seu correspondente ámbito territorial as competencias de fomento, promoción e difusión do deporte así como calquera outra actuación que redunde no beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

V. Que, atendendo ao disposto no artigo 25.2.I da LRBRL, o municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas materias de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. No mesmo senso, a LDG sinala no artigo 8.1 entre as competencias dos municipios en materia deportiva, a de fomentar, promover e difundir o deporte.

VI. Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da LRXSP, o artigo 57 da LRBRL e os artigos 198 e seguintes da LALGA.

VII. Que o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra consideran que o desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva do pádel a través da dinamización do evento deportivo "Vigo Open-World Pádel Tour 2023" é unha oportunidade única de fomento do dito deporte e de promoción turística da cidade de Vigo, e das Rías Baixas en xeral, xa que o citado evento deportivo desenvolverá unha serie de accións que abarcan, ademais de todos os actos propios da organización do evento na cidade de Vigo, actuacións de promoción previa e posterior á celebración do mesmo, que van dende a difusión preliminar do evento como parte do Circuito Internacional World Pádel Tour, que se



Concello de Vigo

desenvolve en 22 torneos en 14 países, que busca a máxima dinamización do acto para o seu coñecemento, ata a difusión do torneo en 200 países diferentes a través das diferentes canles de comunicación e difusión coas que conta a organización, a entidade mercantil Setpoint Events, SA.

VIII. Que, de acordo coas precedentes consideracións que contemplan como obxectivos estratéxicos o apoio ás iniciativas de promoción do deporte e a posta en valor dos recursos turísticos, o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra acordan aprobar o presente convenio de colaboración para o desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva do pádel a través da dinamización do evento deportivo “Vigo Open-World Pádel Tour 2023” na cidade de Vigo, que asinan agora os aquí comparecentes, con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer as condicións de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo para o desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva do pádel a través da dinamización do evento deportivo “Vigo Open-World Pádel Tour 2023” que terá lugar na cidade de Vigo no mes de maio de 2023 e que ten a finalidade de promocionar a práctica da dita modalidade deportiva e a promoción turística da cidade de Vigo.

SEGUNDA. IMPORTE E FINANCIAMENTO

Malia que o orzamento total do evento deportivo ascende a un millón corenta e nove mil setecentos setenta (1.049.770,00) euros, o orzamento deste convenio é de catrocentos cincuenta mil (450.000,00) euros.

A Deputación de Pontevedra comprométese a achegar cento noventa e cinco mil (195.000,00) euros e a dita achega realizarase contra a aplicación orzamentaria 2023/942.9420.462.14 do vixente orzamento provincial.

O Concello de Vigo obrígase a achegar douscentos cincuenta e cinco mil (255.000,00) euros e o pagamento realizarase contra a aplicación orzamentaria 34102279907 do remanente nº de operación 13410 “Promoción Marca Vigo” do vixente orzamento municipal.

As achegas comprometidas por ambas administracións consisten nunhas contías fixas máximas, e no caso de que a actividade realizada teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente.

TERCEIRA. EXECUCIÓN DO CONVENIO

1º. A execución do presente convenio e o seu financiamento polas partes asinantes terá lugar co seguinte desglose:

Deputación de Pontevedra	195.000,00 €
Concello de Vigo	255.000,00 €
	450.000,00 €

2º. O Concello facilitará os documentos administrativos tramitados para a contratación do patrocinio para o seu coñecemento, que poderán ser sometidos á supervisión e comprobación dos seus servizos técnicos, e se o estima oportuno, poderaos someter á aprobación do órgano de goberno que corresponda, coa finalidade de autorizar as actuacións previstas nos mesmos.

3º. Formalizado o patrocinio, remitirase unha copia á Deputación Provincial e comunicarse a esta Institución a data e a hora en que terá lugar a súa sinatura, á que asistirá, de consideralo procedente, un representante da Corporación provincial.

4º. A Deputación Provincial poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

CUARTA. COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Vigo obrígase a:

- d Levar a cabo a tramitación administrativa vinculada co contrato de patrocinio do evento "Vigo Open-World Pádel Tour 2023".
- e Obter os correspondentes permisos e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- f Dirixir, executar e controlar o cumprimento dos termos do patrocinio.
- g Remitir, unha vez formalizado, unha copia do contrato de proxecto de promoción deportiva do pádel á Deputación.
- h Xustificar ante a Deputación as accións de patrocinio executadas mediante a



Concello de Vigo

- presentación das correspondentes facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, aprobadas polo órgano competente do Concello.
- i Presentar a documentación xustificativa no prazo de tres meses, como máximo, desde a finalización do prazo para a realización da actuación.
 - j Dar a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a prestación dos servizos obxecto do mesmo levouse a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.
 - k Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
 - l Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
 - m Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Así mesmo, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na normativa reguladora en materia de subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da LSG, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

QUINTA. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN

A Deputación de Pontevedra obrígase a:

- n Achegar a contía derivada do presente convenio, achegando a cantidade correspondente, de conformidade co disposto na cláusula segunda, que será librada na parte proporcional do financiamento ao Concello de Vigo mediante transferencia bancaria contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial.

O pagamento das diferentes prestacións obxecto do convenio realizarase de acordo co establecido na cláusula terceira ("Execución do Convenio").

- o Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da LRXSP, e da Resolución Presidencial núm. 2017008767, de 8 de maio de 2017,

tratándose ademais dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000,00 euros.

SEXTA. PUBLICIDADE

En toda a documentación e informacións relativas ás actuacións derivadas do obxecto do presente convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin facilite a Deputación Provincial de Pontevedra.

As accións de promoción a desenvolver no marco do obxecto do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración prestada pola Deputación.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da LXS.

SÉTIMA. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS

Conforme o disposto no artigo 40.1º d) do citado Decreto 11/2009, a achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo das contratacións subvencionadas.

OITAVA. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A documentación xustificativa a presentar polo Concello, previa á realización do pago final, será a seguinte:

- p Memoria da actividade realizada e dos resultados obtidos debidamente asinada.
- q Informe favorable de pagamento da xustificación do convenio asinado polo responsable do servizo competente do Concello.



Concello de Vigo

- r Facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, aprobadas polo órgano competente do Concello.
- s Conta xustificativa que relacione os gastos da actividade subvencionada.
- t Declaración responsable de que os gastos e ingresos que figuran na conta xustificativa se destinaron á actividade obxecto do convenio.
- u Declaración das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, na que se indicará de ser o caso, a entidade concedente, data e importe total concedido.
- v Memoria de gastos e ingresos relacionados coa actividade.
- w Certificación de pagamento a favor do adxudicatario do contrato de proxecto de promoción deportiva do pádel, asinado polo tesoureiro do Concello de Vigo.
- x Acreditación da difusión dada á colaboración da Deputación no financiamento da actividade.
- y Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

NOVENA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- z A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- aa Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- ab A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas
- ac A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- ad Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.
- ae Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo ou na sede da Deputación Provincial. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao/á seu/súa secretario/a que levantará acta das súas reunións.

DÉCIMA. VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actuacións ás que o mesmo se refire, que en todo caso non excederá do 31/12/2023, estendéndose o seu prazo de xustificación como máximo ata o 31/03/2024.

DÉCIMA PRIMEIRA. EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en algunha das seguintes causas de resolución:

1º. O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º. O acordo unánime dos asinantes.

3º. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumplidora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

4º. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

6º. Polo incumprimento do contrato por parte da empresa adxudicataria.



Concello de Vigo

DÉCIMA SEGUNDA. RÉXIME XURÍDICO E XURIDISCIÓN

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas nel; pola LRXSP; a LXS e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a LSG; os preceptos non básicos da LXS e do RD 887/2006; as Bases de execución dos orzamentos das Administracións asinantes; a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra; e polas restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de Seguimento, as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E como proba de conformidade, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(234).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO DA “XXIV GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2023” ORGANIZADA POLO FARO DE VIGO. EXPTE. 19493/101.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de informe de fiscalización do 04/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 04/04/2023, asinado pola xefa do departamento administrativo de Alcaldía e a técnica de administración xeral, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade do contrato de patrocinio publicitario da “XXIV Gran Gala do Deporte de Vigo e a súa comarca 2023” organizada por FARO DE VIGO, S.A.U. (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 31 de marzo de 2023, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ó disposto no artigo 168 da LCSP, para o contrato de patrocinio publicitario da “XXIV GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SUA COMARCA 2023”, a mercantil Faro de Vigo SAU, como organizador exclusivo da Gala.

Segundo.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado polo Xefe do Servizo de Deportes – Director deportivo, con data 7 de marzo de 2023.

Terceiro.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data de 27 de marzo de 2023.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación de dun total de 75.000,00 euros (ive incluído), sendo o importe do ive a cantidade de 13.016,53 euros .

O gasto imputarase a aplicación orzamentaria 912.0.227.99.05 (Programas Alcaldía) ou a súa bolsa de vinculación.

O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo 101.1 LCSP, é de 61.983,47 €.

Quinto.- Abrir o procedemento licitador para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.

Sexto.- Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP”.

Segundo.- O día 31 de marzo de 2023 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a FARO DE VIGO, S.A.U.,



Concello de Vigo

concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- Con data do 3 de abril de 2023 FARO DE VIGO, S.A.U., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 4 de abril de 2023, reuníronse a responsable do contrato - xefe do Departamento Administrativo de Alcaldía - xunto coa técnica de Administración xeral de Contratación (por delegación da xefa do Servizo de Contratación de data 21.06.19), para a apertura e cualificación da proposición.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa, comprobándose que esta é conforme co esixido na cláusula 13 do PCAP, e acordándose admitir a FARO DE VIGO, S.A.U. no procedemento.

A continuación, abriuse o “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”. Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP, non procede a negociación *“dado que a empresa foi seleccionada, as características do patrocinio determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación”*, nin outorgarlle puntuación. Así mesmo *“dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada”*.

Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na cláusula 18 do PCAP, comprobouse polo Servizo de Contratación que o licitador está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Tesourería Municipal, ao ter presentado el os certificados de estar ao corrente nas obrigas coa facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social. Toda esta documentación foi incorporada ao expediente.

Quinto.- Segundo o previsto na cláusula 18 do PCAP, se o licitador xa achegara ao sobre A a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, poderá formularse proposta de adxudicación á xunta de Goberno local, sen necesidade de clasificar a ofertas. Ao constar toda a documentación no expediente e sendo correcta, procede adxudicar este procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos

licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro e único lugar, FARO DE VIGO, S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefa do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 4 de abril de 2023 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a FARO DE VIGO, S.A.U. o procedemento negociado sen publicidade do contrato de patrocinio publicitario da “XXIV GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2023” (19.493-101) por un prezo total de 75.000,00 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 13.016,53 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(235).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.



Concello de Vigo

if.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez